

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

Anteproxecto de Orde do ... de xuño de 2015, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2015-2016 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleiro ou concelleira, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal opositor do ano 2015 e o persoal interino ou substituto do corpo de mestres e o que solicite o reingreso no servizo activo.

TEXTO:

(Escribir a dous espacios)

Coa finalidade de adxudicar destino provisional para o curso académico 2015-2016 ao persoal do corpo de mestres sen destino definitivo, ao persoal do corpo de mestres desprazado por falta de horario, e ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleiro ou concelleira, por motivos de saúde e por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal opositor do ano 2015 e o persoal interino ou substituto do corpo de mestres e ao que solicite o reingreso no servizo activo, convócase o presente concurso coas seguintes bases:

Primeira.- Obxecto

Convócase concurso, de acordo coas especificacións que se citan na presente Orde, para a provisión de necesidades de profesorado para o curso académico 2015-2016 nos centros que se relacionan no anexo desta orde, entre o persoal sen destino definitivo do corpo de mestres que está obrigado a participar, conforme ao previsto na base segunda desta orde.

Segunda.- Obrigatoriedade de participación.

1. Está obrigado a participar neste concurso:

- a) O profesorado desprazado por falta de horario e o profesorado suprimido. Considérase que un profesor ou profesora non ten horario no seu centro cando non dispón de ningunha hora da súa especialidade ou dispón de menos de cinco horas e estas poden ser asumidas por outro profesor do centro.
- b) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde, pola situación persoal do propio docente.
- c) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razóns da saúde, pola situación persoal dun familiar.
- d) O profesorado que teña que reincorporarse á Comunidade Autónoma procedente do estranxeiro.
- e) O profesorado que teña dereito a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleiro ou concelleira.

- f) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral.

- g) O persoal do corpo de mestres en situación de expectativa de destino que figura no anexo II da Resolución do 1 de abril de 2014, pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados entre funcionarias e funcionarios docentes dos distintos corpos, que se ordenará pola maior antigüidade como funcionario de carreira no corpo, e dentro da mesma antigüidade pola maior antigüidade no acceso a funcionario de carreira e, se é o caso, polo número de orde obtida no concurso- oposición.

- h) O profesorado que solicite o reingreso ao servizo activo con efectividade do inicio do curso académico 2015-2016.

- i) As opositoras e opositores que superen o procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado pola Orde do 11 de marzo de 2015, pola orde obtida no procedemento selectivo, en virtude das relacións publicadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

- j) O profesorado interino e substituto, pola mesma orde que participou ou pola que tiña dereito a participar na elección de destino no último curso, sempre e cando non renunciase a unha interinidade ou substitución que lles fose ofertada, ou que, aínda tendo renunciado, se acollesen ao previsto no punto décimo cuarto da Resolución do 31 de xullo de 2013, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

O persoal docente que solicitara unha comisión de servizos por razón de conciliación familiar e laboral non poderá efectuar unha nova petición de prazas, utilizándose a súa instancia de comisión de servizos para a adxudicación de praza.

O persoal docente que solicitara unha comisión de servizos por razón de saúde e sexa profesor ou profesora en expectativa de destino, interino ou substituto deberá efectuar unha nova solicitude por esa condición. No suposto de non obter destino pola solicitude presentada para a comisión de servizos por razón de saúde, será obxecto de tratamento informático nesta resolución a nova instancia, se é o caso, efectuada. De non efectuala esta última instancia, ao profesorado en expectativa de destino que non obtivo destino na solicitude de comisión de servizos adxudicaráselle destino de oficio.

2. O profesorado en expectativa de destino que estea en situación de servizos especiais ou de excedencia por coidado de fillo ou de familiar ou teña concedida unha licenza por estudos por todo o curso, deberá participar nesta convocatoria sen que a adxudicación de destino supoña un cambio na súa situación administrativa. As prazas que obteña o profesorado en situación de servizos especiais ou teña unha licenza por estudos volverán a adxudicarse no propio proceso de adxudicación.

3. O persoal funcionario interino que estea en situación de excedencia por coidado de fillo ou familiar deberá, asemade, participar nesta convocatoria sen que a adxudicación de destino supoña un cambio na súa situación. Se non obtivera destino decaerá na súa situación de excedencia por coidado de fillo ou familiar con efectividade do 31 de agosto de 2015.

Terceira.- Desprazados por falta de horario

Estarán obrigados a participar neste concurso, nas especialidades para as que estea habilitado, e a prazas da súa localidade e, se é o caso, zona educativa:

1.- O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que, tendo destino definitivo, deba ser desprazado por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2015-2016.

2.- Quedarán exentos de participar obrigatoriamente polo punto 1 desta base o persoal do corpo de mestres que participe polo punto cuarto.

3.- Ao persoal funcionario de carreira do corpo de mestres desprazado por falta de horario que non participe neste concurso, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, adxudicaralle de oficio destino provisional para o curso académico 2015-2016 nun centro da localidade ou zona educativa na que está destinado definitivamente, preferentemente nas especialidades das que é titular.

4.- Poderá participar voluntariamente neste concurso, a prazas das especialidades para as que estea habilitado, e da localidade ou localidades que elixa, o persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que, tendo destino definitivo, poida ser desprazado por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2015-2016. En calquera caso, de non solicitálas a persoa interesada, a Subdirección Xeral de Recursos Humanos engadirá como últimas peticións as correspondentes á localidade e zona educativa do seu centro de destino definitivo.

5.- A inspección educativa comunicarlles aos centros educativos e ao persoal interesado, incluído o dos centros públicos integrados e institutos de educación secundaria, con anterioridade ao 10 de xuño de 2015, o número de mestras e mestres e de que especialidade non van a ter horario no próximo curso académico. Asemade, a Inspección educativa remitirá copia desta información á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

6.- Na adxudicación do persoal desprazado por falta de horario terá dereito preferente o persoal desprazado da localidade, desempatando a maior antigüidade no corpo, a maior antigüidade no centro e a maior puntuación no proceso selectivo polo que accederon ao corpo, sucesivamente. Estes criterios aplicaranse tamén entre estes participantes que non exerzan o dereito preferente. O persoal do corpo de mestres desprazado por falta de horario participará obrigatoriamente no próximo concurso de traslados que se convoque cos dereitos outorgados ao profesorado suprimido, sen prexuízo das prioridades establecidas nos artigos 16 e 17 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal entre persoal funcionario dos corpos docentes contemplados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e outros procedementos de provisión de prazas a cubrir por eles.

Cuarta.- Prazas que se poden solicitar.

O persoal do corpo de mestres poderá solicitar as seguintes prazas, de acordo coas especificacións que se conteñen nesta base:

- a) As correspondentes ás especialidades para as que estea habilitado, para os centros e localidades que figuran no anexo desta orde. Os códigos das especialidades son os seguintes:

Código	Especialidade
31	Educación Infantil
32	Lingua Estranxeira: Inglés
33	Lingua Estranxeira: Francés
34	Educación Física
35	Música
36	Pedagogía Terapéutica
37	Audición e Linguaxe
38	Educación Primaria
60	Pedagogía Terapéutica, ESO
61	Audición e Linguaxe, ESO
63	Prazas de PT e lecer nas escolas fogar ou CEE

64	Prazas de EP e lecer nas escolas fogar ou CEE
----	---

b) Ademais, poderán solicitar as vacantes dos departamentos de orientación (código 39), o persoal do corpo de mestres que estea en posesión da titulación de Psicopedagogía, ou Pedagogía, ou en Psicoloxía, ou en Filosofía e Ciencias da Educación (especialidades de Psicoloxía ou Ciencias da Educación) ou en Filosofía e Letras (especialidades de Pedagogía ou Psicoloxía), conforme prescribe o artigo 4.a) do Decreto 120/1998, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

c) De acordo co preceptuado na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o persoal do corpo de mestres que teña destino definitivo, ou sexa suprimido ou desprazado por falta de horario nunha praza do primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria, poderá solicitar, ademais, as prazas correspondentes ás especialidades para as que estea habilitado, para os centros públicos integrados e institutos de educación secundaria que figuran no anexo desta resolución e para as especialidades:

Código	Especialidade
21	Xeografía e Historia
22	Ciencias da Natureza
23	Matemáticas
24	Lingua Castelá
25	Lingua Estranxeira: Inglés
27	Educación Física
28	Música
67	Lingua Galega

Ademais, o profesorado das especialidades de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe poderán solicitar, en calquera caso as especialidades 60 ou 61 respectivamente.

As especialidades 60 e 61 non se considera que imparten o primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria para os efectos económicos correspondentes.

- d) O persoal opositor que supere o procedemento selectivo convocado pola Orde do 11 de marzo de 2015 unicamente poderá solicitar prazas da especialidade pola que accede e dos departamentos de orientación, sempre que reúna os requisitos establecidos no apartado b) desta base cuarta.
- e) O persoal do corpo de mestres interino e substituto unicamente poderá solicitar prazas da especialidade correspondente á lista na que figura e de primaria, sempre que accedera á primeira interinidade ou substitución con anterioridade ao 31 de agosto de 2008.
- f) O persoal do corpo de mestres interino e substituto que accedera a primeira interinidade ou substitución con posterioridade ao 31 de agosto de 2008 unicamente poderá solicitar prazas da especialidade ou especialidades correspondentes á lista ou listas nas que figura, en aplicación do previsto no punto cuarto da Addenda ao acordo do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco, asinada o vinteseite de abril de dous mil dez. Efectuarán unha solicitude por cada especialidade, sen prexuízo de que poidan renunciar á solicitude dalgunha especialidade durante o prazo de reclamacións á resolución provisional establecido na base vixésimo primeira da presente orde.

A adxudicación de destino provisional realizarase por orde de código das especialidades. No caso de adxudicarlle praza nunha especialidade retiráraselle a solicitude da outra ou das outras especialidades.

- g) Para pedir praza bilingüe esíxese que na base de datos persoais estea acreditado que o profesorado dispón do nivel B2 do marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL) na lingua correspondente, conforme ao establecido no anexo da Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencias en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas,

materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Quinta.- Solicitud de centros e/ou localidades e procedemento de adxudicación.

1. O persoal do corpo de mestres poderá solicitar centros e/ou localidades de calquera provincia, indicando se desexan impartir áreas afíns e/ou itinerancia. Tamén poderán solicitar prazas bilingües para impartir as áreas nunha lingua estranxeira nos centros plurilingües ou nas sección bilingües repetindo o código do centro ou localidade e especificando o idioma no que efectúan a solicitude.

No caso de solicitar centros, e de existir nos mesmos máis dunha vacante da mesma especialidade, unha delas cun horario completo e outra para completar con áreas afíns, adxudicarase en primeiro lugar a praza ou prazas que teñan horario completo da especialidade pola que se participa.

Se se solicitara en primeiro lugar o centro para prazas bilingües adxudicaranse con prioridade estas.

No caso de solicitar localidade entenderase que solicitan todos os centros da localidade incluídos no anexo desta orde, pola orde en que aparecen no referido anexo. No caso de que soliciten localidade con itinerante e/ou afíns, entenderase que solicitan con prioridade todos os centros desta sen itinerancia, sen afíns e posteriormente con itinerancia e/ou afíns, polo que a orde de adxudicación sería a seguinte:

1. Vacantes de todos os centros desa localidade, coa ordenación do anexo da convocatoria, e dentro de cada un deles, de todas as especialidades posibles, sen afíns e sen itinerancia.
2. Vacantes coas mesmas condicións, con afíns e que non sexan itinerantes.

3. Vacantes coas mesmas condicións sen afíns e que sexan itinerantes.

4. Vacantes coas mesmas condicións con afíns e que sexan itinerantes.

Para estes efectos debe terse en conta que as prazas dos colexios rurais agrupados teñen a consideración de itinerantes, agás as correspondentes ás especialidades de educación infantil e educación primaria.

No caso de non consignar coa petición o código da especialidade, a adxudicación farase pola orde en que o/a participante manifestou na súa solicitude de participación.

Se se desexa solicitar a localidade con prazas bilingües deberá repetirse o código da localidade especificando o idioma correspondente.

No caso de solicitar provincia enténdese que se piden todos os centros da provincia pola orde que figuran no anexo, incluídas tamén as prazas con itinerancia, e afíns nas especialidades nas que estean habilitados, agás que expresamente se sinala o contrario na instancia. En consecuencia, de corresponderlle, adxudicaráselle praza en calquera dos centros da provincia.

2. O profesorado interino ou substituto que non desexe obter calquera destino dunha provincia non deberá efectuar solicitude de provincia limitándose a facela centro a centro ou por localidades. As persoas que obteñan destino na resolución definitiva da convocatoria regulada nesta Orde non poderán acollerse ás renuncias establecidas no punto décimo cuarto da Resolución do 31 de xullo de 2013, pola que se dá publicidade do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regula o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, agás causa sobrevida con posterioridade á mesma.

Sexta.- Orde de adxudicación

1.- A orde de adxudicación dos destinos provisionais será por colectivos preferentes, conforme o previsto na base segunda, sen prexuízo dos dereitos preferentes a centro, localidade e zona educativa, regulados na presente orde.

2.- Na orde de adxudicación de prazas ao persoal suprimido ou desprazado por falta de horario terán prioridade o persoal que a súa vez teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde ou unha comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral. Asemade, dentro de cada grupo aplicaranse os criterios dos puntos 3 e 4 seguintes.

3.- Na adxudicación de prazas ao persoal do corpo de mestres en comisión de servizos por razóns de saúde, os criterios de prioridade veñen determinados pola maior antigüidade no corpo, a maior antigüidade no centro, ano de oposición e a maior puntuación no proceso selectivo, sucesivamente.

4.- Na adxudicación de prazas ao persoal do corpo de mestres en comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral a prioridade virá determinada polo número de fillas e fillos menores de 12 anos e, no caso do mesmo número, pola antigüidade como funcionaria ou funcionario de carreira no corpo, e antigüidade no centro e puntuación na oposición, sucesivamente.

Cando ao persoal do corpo de mestres sen destino definitivo ao que se lle concedeu unha comisión de servizos por razóns de saúde non lle corresponda ningunha das prazas solicitadas participará na adxudicación de destinos pola orde que lle corresponda dentro do seu colectivo.

5.- Ao profesorado en expectativa de destino adxudicaráselle destino en calquera das especialidades das que sexan titulares pola orde que se establece na base segunda , letra g) da presente orde.

6.- Enténdese que o persoal docente interino ten dereito á adxudicación de praza por concesión de comisión de servizos por razóns de saúde ou concelleiro cando lle corresponda traballar en función do seu número de orde de lista na especialidade correspondente.

Sétima- Dereito preferente a centro.

Terán dereito preferente a centro:

a) As mestras e mestres suprimidos e desprazados ás prazas do centro no que tiñan ou teñen destino definitivo.

b) As concelleiras e concelleiros, ao centro no que prestaban servizos no momento no que resultaron elixidas ou elixidos.

Oitava.- Dereito preferente a localidade

Terán dereito preferente a localidade:

a) As mestras e mestres desprazadas ou desprazados por falta de horario.

b) O profesorado suprimido, á localidade na que prestaban servizos no momento da supresión.

- c) O profesorado procedente do estranxeiro, ás prazas da localidade na que estaban destinados no momento de obter prazas no estranxeiro.

- d) As concelleiras e concelleiros, á localidade na que prestaban servizos no momento no que resultaron elixidas ou elixidos, sempre que non poidan facer efectivo o dereito preferente a centro.

Novena.- Dereito preferente a zona educativa.

- a) As mestras e mestres desprazadas ou desprazados por falta de horario.

- b) O profesorado suprimido, á zona educativa na que prestaban servizos no momento da supresión.

- c) O profesorado procedente do estranxeiro, ás prazas da zona educativa na que estaban destinados no momento de obter prazas no estranxeiro.

Décima.- Adxudicación de vacantes itinerantes.

As vacantes itinerantes só se adxudicarán ao persoal elector que solicite explicitamente vacantes deste tipo.

O persoal docente interino que solicita provincia ou provincias enténdese que pide estas vacantes itinerantes, agás que expresamente sinale o contrario na instancia.

Décimo primeira.- Adxudicación de vacantes con afíns

As vacantes con afíns adxudicaráselle só ao persoal elector que solicite explicitamente vacantes deste tipo agás nas quendas de oficio en que poden ser adxudicadas a calquera elector aínda sen colocar.

Décimo segunda.- Adxudicación de destino de oficio

Adxudicarase destino de oficio a todo o persoal participante que non acade destino de entre os solicitados, agás aos solicitantes que deixen resulta e aos desprazados por falta de horario. Adxudicarse destino tamén a todos aqueles que tendo a obriga de participar neste concurso non o fixesen.

Non se adxudicará destino de oficio ao persoal do corpo de mestres interino ou substituto.

No caso do persoal do corpo de mestres suprimido e desprazado por falta de horario que exerza o dereito preferente e non obteña destino, por non existir vacante, adxudicaráselles un posto como substituto de zona, co fin de que non sexa desprazado da zona educativa na que se encontra o centro do seu destino definitivo de referencia, de acordo co establecido no Decreto 140/2006, do 31 de agosto.

Ao profesorado en expectativa de destino adxudicaráselle destino de oficio en calquera das especialidades das que sexa titular. Ao persoal opositor de 2015 adxudicaráselle destino de oficio na súa especialidade, pola orde na que figura o profesorado dentro do seu colectivo. A adxudicación realizarase á primeira vacante libre, pola orde na que os centros figuran no anexo desta orde, tendo en conta a priorización, se é o caso, de provincias feita polo participante.

Cando non exista vacante da súa especialidade, ao profesorado en expectativa de destino e ao persoal opositor do ano 2015 adxudicaráselle destino de oficio noutra especialidade da que non son titulares, agás en idioma estranxeiro inglés, a non ser que

o solicite o participante, e orientación. A adxudicación realizarase unha vez adxudicado o profesorado en expectativa das especialidades correspondentes, pola orde da lista única e dando prioridade ás peticións de centro, feitas polo participante, sobre a de especialidade.

Así mesmo as vacantes itinerantes e de ocio non se lles adxudicará de oficio a ningún participante.

Décimo terceira.- Forma de efectuar a solicitude e presentación da mesma.

1.- A solicitude de destinos farase a través de internet, empregando o portal educativo no enderezo: www.edu.xunta.es/cadp. Lémbrese que para acceder a este servizo web é preciso ter conta de correo electrónico no dominio edu.xunta.es polo que se urxe a quen non a teña proceda a solicitala polos medios actuais (solicitude a través do secretario do centro actual á UAC no 902905445). Deberá terse en conta que unha solicitude anula ou modifica a anterior na aplicación informática, polo que sempre será obxecto de tratamento informático a última solicitude realizada na web dentro de prazo.

2.- O profesorado que solicite prazas do departamento de orientación e posúa algunha das titulacións sinaladas na base cuarta desta convocatoria, deberán remitir unha fotocopia compulsada da referida titulación, sempre que non conste na aplicación informática do profesorado ou non a presentaran no procedemento selectivo do ano 2015.

3.- A solicitude servirá para vindeiras convocatorias conservando as peticións sen que teña que facer nova solicitude, no caso de que lle interese.

4.- O persoal do corpo de mestres interino e substituto que supere os procedementos selectivos convocados noutra comunidade autónoma comunicará a dita circunstancia á

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para os efectos da súa exclusión na adxudicación de destinos provisionais con anterioridade ao 26 de xullo de 2015.

Décimo cuarta.- Solicitudes exercendo o dereito preferente a centro.

O persoal afectado que desexe exercer o dereito preferente a centro está obrigado a facer constar nas peticións, en primeiro lugar, o centro de dereito preferente.

Na adxudicación de destino ao persoal que exerce o dereito preferente a centro darase prioridade ao centro sobre a especialidade. Iso implica que se adxudicará con preferencia o centro ao que se exerce o dereito preferente en praza de especialidade da que non se é titular fronte a outra praza da que si se é titular doutro centro da mesma ou distinta localidade, agás a lingua estranxeira: inglés.

Décimo quinta.- Solicitudes exercendo o dereito preferente a localidade e zona.

O persoal afectado que desexe exercer este dereito preferente está obrigado a facer constar nas peticións, inmediatamente despois do centro de dereito preferente no caso de que se exercera este dereito, a localidade e a zona do seu ámbito de dereito preferente, colocando tamén en primeiro lugar as peticións para as que está habilitado, e por último as restantes, tendo en conta que se poderán adxudicar de oficio prazas de todas as especialidades agás lingua estranxeira: inglés. Despois de solicitar as prazas de dereito preferente poderán pedirse outras prazas de localidades ou zona distintas.

Décimo sexta.- Prazo de cumprimentación da instancia na web.

1. O prazo será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia.
2. Para o persoal opositor que supere o procedemento selectivo convocado pola orde do 11 de marzo de 2015, o prazo será de tres días naturais contados desde o seguinte ao da publicación da lista de aprobados polos tribunais.

Décimo sétima.- Profesorado que non ten que cumprimentar nova instancia na web.

1.- Non terán que cumprimentar solicitude, agás que queiran efectuar unha nova solicitude ou modificar a realizada para a convocatoria do curso académico anterior:

a) O profesorado que estaba desprazado por falta de horario no curso 2014-15 e continúe como desprazado no curso académico 2015-2016.

b) O profesorado que estaba suprimido.

c) O profesorado en expectativa de destino.

d) O profesorado interino e substituto que participou no proceso de adxudicación de destinos do curso 2014-2015, na especialidade ou especialidades polas que xa participou.

2.- Non poderán participar neste concurso o profesorado que teña concedida unha comisión de servizos, agás nos supostos recollidos na base segunda da presente convocatoria.

Décimo oitava.- Petición de prestar servizos nunha ou varias provincias

O profesorado interino e substituto que non obteña praza nesta adxudicación poderá acollerse a prestar servizos como interino ou substituto nunha ou varias provincias, sen perda da orde da lista, a través da aplicación informática que xestiona a cobertura das substitucións, no prazo do 1 ao 10 de setembro, ambos incluídos. A solicitude terá

efectos durante todo o curso académico. O que non efectúe opción enténdese que desexa prestar servizos en todas as provincias da comunidade autónoma.

Décimo novena.- Publicación das listas de participantes e das vacantes

1.- Coa entrada en vigor desta orde, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá a publicar as relacións de persoal agrupados por colectivos coas especialidades que teñen recoñecidas na páxina web da consellería. O persoal interesado terá un prazo de dez días naturais para formular as reclamacións que entendan oportunas.

2.- Antes do 7 de xullo de 2015, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá a publicar as vacantes provisionais que se ofertan neste concurso, reflectindo o seu perfil, na páxina web da consellería. O persoal interesado terá un prazo de cinco días naturais para formular as reclamacións que entendan oportunas.

3.- Ademais das vacantes publicadas, adxudicaranse as resultas, se é o caso, que se produzan como consecuencia da adxudicación de destinos polas comisións de servizos por motivos de saúde, conciliación familiar e concelleiros. Consecuentemente, os centros e as xefaturas territoriais non solicitarán as prazas destas comisións de servizos. Si deben solicitarse as prazas do persoal que estea en servizos especiais, permiso sindical a tempo total e en comisión de servizos distintas das anteriormente citadas, como poden ser por exercer a dirección dun centro educativo, asesor nos centros de formación ou na Consellería, en centros do estranxeiro, en centro de fora da Comunidade Autónoma de Galicia, en prazas de Convenio, e outras.

Vixésima.- Resolución provisional

Unha vez rematado o prazo de solicitudes, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá á adxudicación de destinos e fará pública a resolución provisoria do

concurso na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Dita resolución farase pública o día 30 de xullo de 2015.

Vixésimo primeira.- Reclamacións e renuncias á resolución provisional

1.- O persoal concursante poderá presentar reclamacións e renuncias á resolución provisoria, no prazo de tres días naturais desde a súa publicación, perante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Ademais de pola vía ordinaria, a reclamación deberá remitirse por fax ao número 881 99 92 41 ou por correo electrónico á dirección persoal.primaria@edu.xunta.es

2. O persoal interino e substituto que solicite praza por pertencer a dúas ou máis listas poderá renunciar na resolución provisional a participar nalgunha delas e, de non facelo, se lle adxudicará destino na especialidade que lle corresponda tendo en conta que se adxudica por orde de código das especialidades. No caso de adxudicarlle praza nunha especialidade, retiráraselle a solicitude da outra ou das outras especialidades.

3. O persoal interino e substituto do corpo de mestres que estea nunha situación das que se relacionan a continuación, poderán renunciar á resolución provisional, sen perder o número de orde na lista correspondente e sen que se admitan renuncias parciais:

- Atender o coidado dunha/dun filla/fillo menor de seis anos, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo.
- Para atender o coidado dun familiar que teña ao seu cargo, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

- Por enfermidade grave.
- Por ter concedida unha bolsa de estudos.
- Por ampliación de estudos. Enténdese que hai ampliación de estudos cando se realiza o doutoramento ou estudos para obter un título superior ou unha diplomatura distinta da que se posúe, un máster así como a formación no estranxeiro nas linguas ou nas ensinanzas de réxime especial.
- Por ser vítima de violencia de xénero.
- Por calquera das circunstancias que permite aos funcionarios públicos a concesión dos servizos especiais.
- Por ter un contrato de traballo de carácter temporal ou prestar servizos, tamén con carácter temporal, noutro posto do sector público.

Esta renuncia deberá realizarse no prazo de reclamacións á resolución provisional, e aínda que non se obtivese destino nesta, pois iso non supón que non se poida obter na resolución definitiva. A renuncia na adxudicación provisional conleva que non se realizará chamamento para cubrir interinidades ou substitucións durante todo o curso académico agás no suposto de ter renunciado por ter un contrato de traballo de carácter temporal ou prestar servizos con carácter temporal noutro posto do sector público. Nestes casos poderán reincorporarse aos chamamentos á finalización do contrato ou da prestación de servizos.

. De non presentarse renuncia e serlle adxudicada praza definitiva, o persoal interesado non poderá acollerse a non prestar servizos mantendo o número de orde na lista correspondente, agás que esta petición se formule por unha situación sobrevida ao prazo indicado anteriormente e esa circunstancia se acredite de forma fidedigna. Ademais de pola vía ordinaria, a renuncia deberá remitirse por fax ao número 881 99 92 41 ou por correo electrónico á dirección persoal.primaria@edu.xunta.es

Sen prexuízo do anterior a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá dar de baixa a algunha persoa na relación de adxudicatarios de praza, se deixase de reunir os

requisitos para manterse nela, de oficio ou por instancia da parte interesada, logo de audiencia da interesada ou interesado.

Vixésimo segunda- Resolución definitiva.

Resoltas as reclamacións presentadas, procederáse a efectuar a resolución definitiva que se publicará nos mesmos lugares que a resolución provisional e no Diario Oficial de Galicia. Dita resolución farase pública na páxina web da consellería o día 28 de agosto de 2015.

Vixésima terceira.- Efectividade da toma de posesión

O profesorado tomará posesión no centro educativo. Os efectos da toma de posesión dos destinos adxudicados será a do 1 de setembro de 2015.

Vixésimo cuarta. Inclusión nas listas para interinidades ou substitucións.

Aplicarase o punto 1o da base vixésima da Orde do 11 de marzo de 2015 pola que se convocan os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres e de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición adicional primeira. Orde de adxudicación dos corpos

A orde de adxudicación de corpos será o seguinte:

Mestres, profesores de relixión de primaria, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño, profesores de música e artes escénicas, agás o profesorado interino, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e profesorado de relixión de secundaria.

O profesorado interino do corpo de profesores de música e artes escénicas adxudicarase inmediatamente despois da adxudicación dos funcionarios de carreira da especialidade de música do corpo de profesores de ensino secundario.

Como consecuencia, o persoal interino ou substituto que obteña destino na resolución definitiva desta convocatoria referida ao corpo de mestres non poderá obter prazas de interino ou substituto nalgún dos restantes corpos.

Disposición adicional segunda. *Prazas a tempo parcial.*

Excepcionalmente, cando non se poida completar o horario da xornada de traballo con horas doutra especialidade no centro ou completar o horario noutro centro, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá ofertar prazas de interinidades a tempo parcial, que en ningún caso será inferior a media xornada. Esta disposición resultará de aplicación tamén nas substitucións de reducións de xornada.

Estas prazas ofertaranse despois de realizada a adxudicación definitiva, sen que sexa preceptiva a súa aceptación.

Santiago de Compostela, de 2015
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Román Rodríguez González

INSÍRASE NO DOG

